

FINAL NADA E CORRE 2019 (RIVEIRA)
V MEMORIAL JESÚS E VICENTE
7-ABRIL-2019

1.- ORGANIZAN

Club Natación Riveira
Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno

2.- COLABORAN

Secretaría Xeral para o Deporte
Concello de Riveira
Protección Civil

3.- DATA

Domingo, 07 de abril de 2019

4.- LUGAR

Complexo deportivo a Fieiteira
Natación: Piscina “María Vilas”
Pista de Atletismo “Ana Peleteiro”

5.- HORARIOS

Quecemento natación: 10:00 h. a 10:30 h.
Inicio natación: 10.35 h.

Quecemento carreira: 12:15 h.
Inicio carreira: 12:45 h.

6.- PARTICIPANTES

Deportistas clasificados nas fases previas, con licenza federativa galega de tempada en vigor. Un total de 9 participantes de cada categoría e sexo por cada zona, distribuídos do seguinte xeito, segundo o número de probas celebradas en cada zona. Os 3 primeiros de cada categoría e sexo. 2 probas clasificatorias: os 4 primeiros de cada categoría e sexo máis 1 praza para o mellor sumatorio de marcas entre todas as previas.

http://fegatri.org/wp-content/uploads/2019/02/nada_corre_2019-1.pdf

7.- CATEGORIAS E DISTANCIAS

Categorías masculina e feminina.

Prebenxamín: 25 metros natación - 250 metros carreira.

Benxamín: 50 metros natación - 500 metros carreira.

Alevín: 100 metros natación - 500 metros carreira.

Infantil: 200 metros natación -1000 metros carreira.

Cadete: 400 metros natación -2000 metros carreira

8.- INSCRICIÓN (SÓ CLASIFICADOS)

Data límite martes día 2 de abril de 2019

A inscrición para as probas do Nada e Corre, formalizarase a través da páxina Web: www.fegatri.org, dentro do apartado [Competicións/ Regulamentos-inscricións](#), accedendo á proba de referencia.

Cada club deberá designar un Técnico/Delegado, responsable do Club fronte a calquera incidencia da competición. Os seus datos, cun número de teléfono de contacto, serán comunicados a través da plataforma de inscrición e ao email fegatri@hotmail.com. Para poder validar a inscrición na proba.

9.- COMUNICACIÓN DE BAIXAS

Estas deben ser comunicadas antes das 16:00 horas do xoves anterior á proba. As baixas non comunicadas en prazo terán a penalización vixente de 2€ por deportista, que serán facturados ao club, ao final de cada tempada.

Non se admitirán inscricións incompletas ou fóra de prazo.

10.- PUBLICACIÓN LISTAXE DE INSCRITOS

Publicación lista provisional: o xoves anterior á proba publicarase a lista provisional de inscritos na páxina web www.fegatri.org (esta admite reclamacións cando na listaxe se da algún erro debido ao manexo dos datos na Federación, por exemplo, baixas solicitadas en tempo que non aparecen dadas no listado, ...). É moi importante revisar este listado para ter opción a reclamar se hai algún erro no mesmo. Publicación lista definitiva: o venres anterior á proba publicarase a lista definitiva (esta é firme e xa non admite cambios).

10.- PREMIOS

Recibirán medalla ou trofeo os tres primeiros clasificados de cada categoría masculina e feminina, así como os tres primeiros equipos clasificados na clasificación global.

11.- NORMAS DE COMPETICIÓN

A competición rexerese segundo as normativas vixentes da Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Modrno e Nada e Corre 2019.